



Como dispoñen as bases a aspirante proposta para ser contratada, dentro do prazo de tres días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación do resultado da selección no taboleiro de edictos do Concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.

Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.

Monforte, 24 de setembro do 2018.

